

TEMA 5 O GÓTICO

DEFINICIÓNS:

ORDEN BENEDICTINA: orde relixiosa fundada por San Benito de Nursia. A súa norma era “ora et labora” (reza y trabaja)

ORDES MENDICANTES: ordes relixiosas que vivían da esmola nas cidades medievais. Foron creadas dende o século XIII, paralelamente ao desenvolvemento urbano, e as máis importantes foron os franciscanos e os dominicanos

IMPRENTA: máquina-ferramenta que serve para reproducir libros de forma industrial sobre papel. Foi ideada polo alemán Johannes Gutenberg na década de 1440.

ARTE GÓTICA: estilo artístico, religioso e civil, característico da Europa dos séculos XIII, XIV e XV

PESTE NEGRA: epidemia que chegou a Europa, procedente de Asia, en 1347 e causou a morte dun terzo da poboación europea

CISMA DE OCCIDENTE: período (1378-1417) da historia da Igrexa de Roma no que varios Papas se disputaron o cargo pontificio.

BURGUESÍA: grupo social que nace na Idade Media europea que vive nas cidades e se dedica á artesanía ou ao comercio

TÍMPANO: espazo triangular que aparece sobre as portas das igrexas, basílicas ou templos

CARTA PUEBLA: documento dun monarca aos habitantes dun lugar que regula a repartición de terras, as normas de convivencia e establece privilexios como non pagar impostos. É característica da Idade Media europea..

ARCO OJIVAL O APUNTADO: Es un arco con forma de punta o flecha que permite elevar la altura del edificio.

5.1. UNHA CULTURA URBANA

Entre os séculos XI e XIII Europa viviu un renacemento e as cidades e da vida urbana. Estes cambios influíron na arte e cultura.

O crecemento das cidades provocou un auténtico furor arquitectónico. Igrexas, catedrais, lonxas e concellos.

A Igrexa deixou de ser a única que encargaba obras de arte. Nobres e burgueses enriquecidos empregaron o seu diñeiro en construír pazos e no encargo de pinturas e esculturas para decorar as súas vivendas.

A vida urbana provocou tamén cambios relixiosos. Creáronse novas ordes relixiosas, formadas por frades que vivían en conventos dentro das cidades. As dúas ordes relixiosas máis importantes nese momento foron a dos franciscanos e a dos dominicanos.



Proceso de construción dunha catedral gótica (FONTE: www.kalipedia.com)

5.2. O NACEMENTO DAS UNIVERSIDADES.

Entre os séculos XI e XII xurdiron nas cidades as primeiras escolas urbanas e, máis tarde, as universidades. Os reis necesitaban contar con empregados formados para gobernar os seus reinos, e os burgueses e os nobres desexaban que os seus fillos adquirisen saberes útiles para a administración dos negocios.

As que dependían do bispo recibían o nome de escolas catedralicias ou capitulares. As escolas creadas polos concellos eran as escolas municipais. As universidades xurdiron das escolas catedralicias.

Os mestres e os estudantes desexaban escapar do control da Igrexa e decidiron organizarse como corporación ou universidade. Só unha minoría da sociedade tivo acceso a eles, os nobres e os burgueses ricos.

As universidades medievais máis prestixiosas foron París, Oxford, Cambridge e Bolonia.

5.3. A ARQUITECTURA GÓTICA.

Nació en Francia a finais do século XII e dende alí expandiuse rapidamente por Europa.

Foi unha arte relixiosa, pero tamén o símbolo do poder e da riqueza das cidades. A catedral era o edificio máis representativo, pero tamén se construíron outros edificios non relixiosos, como castelos, pazos, concellos, universidades, etc.

A catedral converteuse no centro da cidade. Nela non só levábanse a cabo os ritos relixiosos; alí reuníanse os gremios e os gobernos municipais xurdiron rivalidades entre as cidades por construír a catedral máis alta e mais grande.

VIDEO 1: As novidades arquitectónicas da arte gótica:

http://www.youtube.com/watch?feature=player_embedded&v=ognfM0jy_wo

VIDEO 2: A catedral gótica;

http://www.youtube.com/watch?feature=player_detailpage&v=Di5HXPfYiMI

VIDEO 3: A catedral de Chartres e o seu contexto:

http://www.youtube.com/watch?feature=player_detailpage&v=I--yu8Sk_58

Principais Características. FICHA 1 (AULA VIRTUAL)

Nos edificios góticos utilizáronse novas técnicas arquitectónicas que permitiron a construción de igrexas e edificios de aspecto totalmente diferente aos románicos.

Introduciuse o **arco oxival ou apuntado**. É un arco con forma de punta ou frecha que permite elevar a altura do edificio.

Introduciuse a **bóveda de crucería** peso non descansaba sobre un muro, senón sobre os piares no interior dos edificios e os arcobotantes e contrafortes no exterior.


PÁX. WEB 1: ARCO APUNTADO Y BOVEDA CRUCERÍA:


<http://aprendersociales.blogspot.com.es/2009/01/arco-apuntado.html>

Grazas a estas técnicas abríronse **enormes ventás**, a luz penetrou nun interior decorado con vistosas vidreiras e rosetóns de ricas cores.

A arte gótica contou con construcións cada vez máis **altas e luminosas**.

As **plantas dos edificios** tamén foron diferentes ás románicas, conservouse a forma de cruz latina, as cabeceiras volvéronse poligonais e a nave central construíuse moito máis alta e máis ancha que os laterais.





Partes dunha catedral gótica (FONTE: Editorial Vicens Vives)

5. 4. A ESCULTURA GÓTICA

Os escultores góticos representaban sobre todo temas relixiosos: Cristo **crucificado**, Virxe co neno, e seguiron tendo unha función educativa. Sufriu importantes cambios.

- As obras fóronse liberando da adaptación á arquitectura.
- As figuras representáronse de forma máis realista e natural. Apareceron os primeiros retratos de nobres e burgueses.
- Triunfou a liña curva e as figuras foron adquirindo movemento
- Existiu un interese por expresar sentimentos de alegría, tristura, dor, etc.

Tipos de Escultura

O material mais utilizado seguiu sendo a pedra, aínda que aumentaron notablemente as obras realizadas en madeira. Os relevos continuaron decorando as portadas de igrexas e catedrais. Outros lugares dentro do templo adquiriron importancia, retablos e os cadeirados de coro.

A escultura funeraria se desenvolveu a técnica do retrato. Tamén as gárgolas, esculturas de seres fantásticos que remaban os tellados.

PRESENTACIÓN 1: A escultura gótica:

<http://www.slideshare.net/mofeta/escultura-gtica-1238124>

5.5. A PINTURA GÓTICA

A pintura mural perdeu a importancia, os muros foron substituídos por amplos ventanais e non houbo lugar onde realizar as pinturas.

Adquiriu importancia a pintura sobre madeira, dando lugar á aparición dos retablos pictóricos.

PRESENTACIÓN 2: Pintura gótica

<http://www.slideshare.net/rommeldak/tema-9-el-arte-gtico-pintura>

Os temas máis representados seguiron sendo os relixiosos e tamén os retratos

As características importantes foron:

- riqueza de cores,
- o uso do dourado,
- a introdución de paisaxes de fondo,
- a busca do realismo e o movemento das figuras.



O descendimiento de Roger van der Weyden, no Museo del Prado

CUESTIÓNS:

1ª) Por que decimos que é gótico se desenvolve nunha cultura urbana?


2ª) Que feitos indica ca vida urbana provocou cambios relixiosos?

3ª) En que séculos nacen as primeiras escolas e universidades? Por que?

4ª) De que escolas xurden as universidades? Por que? Que tiña acceso as universidades?


5ª) Que represento a arte gótica?

6ª) Sinala as parte da planta desta igrexa gótica?



- | | |
|----------|----------|
| 1. _____ | 2. _____ |
| 3. _____ | 4. _____ |
| 5. _____ | 6. _____ |
| 7. _____ | |

7ª) Completa as partes do alzado desta igrexa gótica



8ª) Que cambios sofre a escultura gótica? Que temas representaba?

9ª) Como era a pintura gótica?

10ª) Cales son as características da pintura gótica?

11ª) Xustifica por que a seguinte obra de arte é gótica?

AUTOR: Van Eyck

DATA:

TEMA:

CORES:

PAISAXES:

FIGURAS:



Nome: A Virxe do Chaceller Rolin

12ª) Cita tres elementos arquitectónicos que sexan novidade na arquitectura gótica?